

6. A 1ª Guerra Mundial. Tratados de Paz e reconfiguración Territorial

Tras o fin dos combates, a **Conferencia de Paz de París** (1919) definiu o novo orde mundial. Non foi un acordo negociado, senón unha imposición dos vencedores (*Diktat, foi como chamaron os Alemáns o Tratados de Versalles*) que transformou radicalmente o mapa europeo. O Diktat, será o alimento do nacionalismo radical.

Tratado / Elemento	Condicións e Detalles da Ficha e Manuais	Impacto e Novo Mapa Europeo
Paz con Alemaña:		
Tratado de Versalles (1919) -Alemaña-	• O “Diktat” Alemán: Alemaña foi excluída das negociacións. O artigo 231 estableceu a “Cláusula da culpabilidade”, marcando Alemaña como a “única responsable”. • Perda de colonias (mandatos). • Desarme militar (Supresión do servizo militar, desmilitarización da Renania, e exército limitado a 100.000 homes). • Fortes reparacións económicas. Unha cifra astronómica (132.000 millóns de marcos-ouro, que hipotecaban o seu futuro económico).	◦ Humillación Nacional: Perda do 13% do territorio e o 10% da poboación. Tiveron que devolver de Alsacia e Lorena a Francia, e o Sarre quedou baixo control da Sociedade de Nacións (15 anos) ◦ O “corredor polaco” dividiu Alemaña en dous, deixando a Prusia Oriental illada, o fin era darlle saída ó mar a Polonia. Isto alimentou o irredentismo nazi futuro.
Fin do Imperio Dual Austrohúngaro:		
Tratados de Saint-Germain e Trianon -Austria e Hungría-	• Desmembramento total da monarquía dos Habsburgo. Austria e Hungría foron reducidas a dous Estados nacionais independentes sen saída ó mar. • Prohíbese o <i>Anschluss</i> (unión con Alemaña) • Novas nacións: Aparecen Checoslovaquia (Bohemia, Moravia, Eslovaquia), Hungría e Iugoslavia (unión de Serbia, Montenegro, Croacia, Eslovenia e Bosnia).	◦ Minorías Atrapadas: O principio de autodeterminación de Wilson aplicouse de forma desigual, deixando a millóns de alemáns en Checoslovaquia (Sudetes) e húngaros en Romanía, creando estados “multiétnicos” inestables.. ◦ Romania amplía o seu territorio coa Transilvania
Tratados de Sèvres-Lausana e Neuilly	• Desmembramento Otomán e Búlgaro: ◦ Bulgaria como aliada das potencias centrais, perdera territorios en favor de Grecia, Romanía e Iugoslavia; deixándoa sen saída ao Exeo	◦ O nacemento da Turquía moderna: A reacción nacionalista de Mustafá Kemal Atatürk levou ao Tratado de Lausana (1923), que revisou Sèvres, marcando a primeira vitoria contra os tratados de 1919.

(perde o que se coñece como a Tracia).

- Recortes territoriais en favor de Grecia, Romanía e a nova Iugoslavia; tras ser aliada das potencias centrais
 - O **Imperio Otomán**, tras unha guerra nacionalista liderada por **Atatürk**, desaparece o imperio e nace a República de Turquía, que queda reducida a Anatolia. O tratado de Sévres é revisado en Lausana. Provocando a perda de todos os territorios árabes.
- **Internacionalización:** Os estreitos (Bósforo e Dardanelos) pasaron a control internacional.

Sistema de Mandatos

- **Imperialismo baixo máscara legal:** As colonias alemás e os territorios árabes do Imperio Otomán non foron liberados, senón entregados a potencias vencedoras (GB e Francia) baixo a supervisión da SDN.
 - **Frustración Árabe:** A partición de Oriente Medio (**Acordos Sykes-Picot**) ignorou as promesas de independencia feitas aos árabes, sementando as bases da inestabilidade actual na rexión.

O "Cordón Sanitario"

- **Creación de novos Estados Bálticos:** *Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania* que actuarán como un muro de contención fronte á Rusia soviética
- **Barreira contra o Bolxevismo:** Fortalecemento de estados como Polonia e Rumanía, para evitar a expansión do **bolxevismo** ruso cara Europa Occidental.
 - **Illamento Ruso:** Rusia foi a gran esquecida de París; non participou nas decisións porque abandonara a Guerra trala firma do Tratado de Brest-Litovsk o que lle fixo perder máis territorio que Alemaña.
 - Creando un baleiro de poder no Leste, illándoa da diplomacia europea ata os anos 30.

Sociedade de Nacións (SDN)

- **Seguridade Colectiva:** Organización con sede en Xenebra para resolver conflitos por arbitraje.
 - **Debilidades:** Sen forza militar propia e coa ausencia de EUA (o Senado non ratificou o Tratado), a SDN naceu como un "club de vencedores".
 - **Paz Fraxil:** A SDN foi incapaz de xestionar as reparacións de guerra e o desarme, converténdose nun órgano burocrático máis que nunha garantía real de paz.
 -
-

**Consecuencias
Políticas e
Sociais do
Novo Mapa**

1. **Dereito de Autodeterminación:** Baseado nos “14 puntos de Wilson”, buscaba que cada pobo tivese o seu estado. Malia os esforzos de Wilson, o novo mapa deixou a 30 millóns de persoas como “minorías” dentro de estados que non sentían como propios (alemáns en Checoslovaquia ou húngaros en Romanía), o que sería fonte de conflitos futuros.
2. **Extensión do Sufraxio:** A caída dos imperios autoritarios e a influencia da guerra levaron á extensión do **sufraxio universal** en moitos dos novos estados democráticos.
3. **Fraxilidade:** O deseño de fronteiras artificiais nos Balcáns e Oriente Medio, xunto coa humillación alemá, deixou o camiño aberto para futuras tensións internacionais.

**O Fin da
Hexemonía
Europea**

Como sinalamos o longo da ficha, o mapa cambia porque Europa perde a súa centralidade. Os catro grandes imperios (Alemán, Austrohúngaro, Otomán e Ruso) desaparecen, e con eles as estruturas do Antigo Réxime en Europa; dando paso a unha Europa fragmentada e endebedada.

Pero tamén a unha Europa onde o Sufraxio e a Democracia permitiron que novas Constitucións (como a de Weimar en Alemaña) incluísen o **sufraxio universal**, recoñecendo por fin o papel cidadán da muller e das clases populares.
